

**REUNIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE
NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA
CORPORACIÓN DA RTVG**

Día: 25.10.2017 Hora: 10:30

A Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 25 de outubro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais en comisión

- 1.1 13355 (10/POC-002347)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as emisións en directo da CRTVG
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 167, do 01.09.2017
- 1.2 15944 (10/POC-002846)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre a realización pola CRTVG dalgunha xestión en relación coa
posibilidade de emitir o documental titulado "Las cloacas de Interior" na
TVG, así como a súa divulgación na páxina web da corporación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 177, do 19.09.2017
- 1.3 16649 (10/POC-002887)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre os criterios seguidos pola CRTVG para elixir ao inicio da nova
temporada as persoas participantes nos faladoiros da Radio Galega, o
número de mulleres que participan neles, así como a valoración da súa
Dirección Xeral respecto dos cambios implementados en relación co grao
de cumprimento do principio de pluralidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 183, do 28.09.2017
- 1.4 17696 (10/POC-002986)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as razóns da non emisión pola TVG de información en relación co
acto de ocupación simbólica da Casa de Cornide na Coruña o día 26 de
setembro de 2017
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 188, do 06.10.2017

- 1.5 17723 (10/POC-002992)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 2 máis
Sobre as razóns da exclusión da primeira forza política da oposición na
información emitida pola TVG respecto da valoración dos grupos políticos
en relación coa enquisa referida ao posible resultado electoral en Galicia
no caso de se produciren hoxe unha novas eleccións
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 188, do 06.10.2017
- 1.6 18640 (10/POC-003086)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis
Sobre o reposicionamento da CRTVG no marco da nova realidade dixital
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 194, do 17.10.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2017

Aurelio Alfonso Núñez Centeno

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DA RTVG

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Vicepresidenta	
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Secretaria	
Paula Vázquez Verao	EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Noela Blanco Rodríguez	S
Jaime Castiñeira Broz	P
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
María Guadalupe Murillo Solís	P
Olalla Rodil Fernández	BNG
Moisés Rodríguez Pérez	P

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 25.10.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en comisión

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 25.10.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 13355(10/POC-002347)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as emisións en directo da CRTVG

Publicación da iniciativa, 167, 01.09.2017

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Noela Blanco Rodríguez e Luis Manuel Alvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

Segundo denunciou recentemente o comité de empresa da CRTVG, detectouse que nos espazos informativos da televisión pública galega se está empregando unha estratexia para presentar informacións dicindo que son en directo cando son gravadas. Todo consiste en que as xornalistas ou os xornalistas se poñen diante da cámara e simulan que están en directo e que presentan un vídeo. Iso grávase e despois os presentadores dende o plató danlles paso dicindo que están en directo. Algo que pouco ten que ver co carácter inmediato e de veracidade que se lle debe esixir aos contidos informativos.

Unha situación que xa non só se repite en profesionais que están atendendo a un programa concreto, senón que agora vemos como a redactores e redactoras da mañá se lles obriga a facer este tipo de traballo para os informativos da tarde, argumentando que para os programas do serán non teñen persoal suficiente para cubrir a emisión.

Unha práctica que dende o Grupo Socialista consideramos un engano ao telespectador, ademais dunha mostra máis da escaseza de contratación de persoal para cubrir as necesidades básicas de produción que ten a TVG. Escaseza que ten unha consecuencia directa como é a perda de calidade dos contidos e o emprego de artimañas, que lonxe de encubrir as deficiencias resáltanas aínda máis.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asina formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Grávanse na TVG contidos informativos que posteriormente se emiten indicando que se está en directo?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2017 09:38
Nº Rexistro: 13355
Data envío: 01/08/2017 09:38:23.277



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2. De levarse a cabo dita práctica, qué valoración fai a CRTVG da mesma?
3. Considera a CRTVG que deste xeito se mellora a calidade da información que se emite na TVG?
4. Cre a CRTVG que hai na radio e televisión públicas galegas suficiente persoal para cubrir as necesidades básicas de produción?
5. En caso de que non se considere suficiente, considera a CRTVG que isto contribúe a unha mellora da calidade na televisión e radio públicas galegas?

Pazo do Parlamento, 31 de xullo de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 01/08/2017 09:35:13

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 01/08/2017 09:35:19

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 25.10.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 15944(10/POC-002846)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a realización pola CRTVG dalgunha xestión en relación
coa posibilidade de emitir o documental titulado "Las cloacas
de Interior" na TVG, así como a súa divulgación na páxina web
da corporación

Publicación da iniciativa, 177, 19.09.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Vero e **Ánxeles Cuña Bóveda**, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG**.

O documental *Las cloacas de Interior*, dirixido por Jaume Roures e producido por Público e Mediapro, explica a chamada “operación Catalunya”, a guerra sucia do Ministerio do Interior contra dirixentes independentistas cataláns, tomando as escoitas das conversas entre o ex-ministro de Interior Jorge Fernández Díaz e o ex-director da Oficina Antifrau de Catalunya, Daniel de Alfonso, que revelou o diario *Público* en xuño de 2016, un dos meirandes escándalos democráticos dos últimos tempos.

O documental recolle distintas testemuñas, incluíndo comisarios e un sarxento da Garda Civil, que acreditan unha rede de intereses e corruptelas que revelan tanto a utilización dos medios do Estado para perseguir a adversarios políticos como o uso destes medios para o enriquecemento e poder persoal de policía, xuíces, fiscais, empresarios e representantes políticos.

As grandes canles televisivas do Estado español rexeitaron a emisión do documental *Las cloacas de Interior*, sendo só TV3 y IB3, as canles públicas catalá e balear, as que emitiron conxuntamente o documental o martes, 18 de xullo de 2017, pasando a emitirse pola ETB, a canle pública vasca, o 19 de xullo, e repetindo emisión TV3 o sábado, 22 de xullo.



Pese ao veto ao documental pola práctica totalidade das televisións, a emisión deste traballo marcou récords de audiencia, constatando a existencia dunha cada vez maior porcentaxe de persoas no Estado español que non aceptan a falta de pluralidade dos principais medios – públicos e privados – e que buscan información crítica e contrastada, sen ningún tipo de tema tabú.

O traballo audiovisual, segundo Público, tivo un millón de espectadores en TV3 (766.000 na súa primeira emisión e 232.000 na segunda), 254.000 en ETB e varios milleiros máis en IB3 e nas webs de Público e desas canles autonómicas. Ademais, o documental foi visto por máis de 600.000 persoas na canle de Mediapro en Youtube, co que a audiencia total de *Las cloacas de Interior* superaba amplamente os dous millóns de persoas a finais de xullo de 2017.

A existencia de medios de comunicación plurais é elemento esencial dunha sociedade democrática.

Polo exposto, as deputadas que subscriben presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Interesouse a CRTVG pola posibilidade de emitir o documental *Las cloacas de Interior* na TVG?
2. Non considera que é un documental de interese público que obtería bos datos de audiencia?
3. Non considera que a emisión do documental *Las cloacas de Interior* e de outros traballos de investigación do mesmo tipo serviría para mudar a imaxe estereotipada da CRTVG e chegaría a un público que non ve habitualmente a TVG?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 10:07
Nº Rexistro: 15944
Data envío: 11/09/2017 10:07:25.965



4. Ten previsto a CRTVG emitir *Las cloacas de Interior* na TVG?
5. Ten previsto a CRTVG divulgar *Las cloacas de Interior* na páxina web da Corporación?
6. Non considera que a non emisión deste documental por parte da maioría dos medios de comunicación do Estado español acentúa o distanciamento entre os medios de comunicación convencionais e unha gran maioría social que se sitúa en coordenadas de ruptura do réxime político de 1978?
7. Non cre que a emisión deste documental suporía un impacto positivo para a CRTVG como referencia para poboación moza que non sigue hoxe os medios públicos galegos?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 11/09/2017 10:06:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 10:07
Nº Rexistro: 15944
Data envío: 11/09/2017 10:07:25.965



María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 11/09/2017 10:06:46

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 25.10.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 16649(10/POC-002887)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre os criterios seguidos pola CRTVG para elixir ao inicio da nova temporada as persoas participantes nos faladoiros da Radio Galega, o número de mulleres que participan neles, así como a valoración da súa Dirección Xeral respecto dos cambios implementados en relación co grao de cumprimento do principio de pluralidade

Publicación da iniciativa, 183, 28.09.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2017 12:26
Nº Rexistro: 16649
Data envío: 15/09/2017 12:26:10.284

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre as mudanzas introducidas nos faladoiros da CRTVG e o cumprimento do principio de pluralidade.

No inicio da nova temporada da Radio Galega foron diversas as mudanzas introducidas, o xurdimento de novos espazos informativos, mais tamén a incorporación aos faladoiros, tanto da mañá coma da noite, de novas persoas.

Un dos principios fundamentais que debe rexer o xornalismo, máis se cabe dos medios de comunicación públicos, é a procura da pluralidade, como así recolle o Mandato Marco e a Lei 9/2011 de medios audiovisuais públicos de Galiza.

Principio de pluralidade en idades, procedencias, traxectorias profesionais, ideoloxía e tamén de xénero que visen dar voz ás distintas formas de pensar e interpretar a realidade; a diversidade da nosa sociedade e por suposto a metade da poboación, as mulleres, historicamente excluídas de moitos espazos, tamén os medios e sobre todo os debates políticos.

Por todo o exposto formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión da CRTVG:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2017 12:26
Nº Rexistro: 16649

Data envío: 15/09/2017 12:26:10.284

- Que criterios seguiu a CRTVG para elixir as persoas que fan parte dos faladoiros da Radio Galega?
- Cantas mulleres participan nestes faladoiros?
- Como valora a Dirección Xeral da CRTVG as mudanzas implementadas a respecto do grao de cumprimento da pluralidade?

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 15/09/2017 12:25:31

Xosé Luis Rivas Cruz na data 15/09/2017 12:25:36

Noa Presas Bergantiños na data 15/09/2017 12:25:40



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2017 12:26
Nº Rexistro: 16649
Data envío: 15/09/2017 12:26:10.284

Ana Pontón Mondelo na data 15/09/2017 12:25:43

María Montserrat Prado Cores na data 15/09/2017 12:25:47

Xosé Luis Bará Torres na data 15/09/2017 12:25:49

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 25.10.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 17696(10/POC-002986)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as razóns da non emisión pola TVG de información en
relación co acto de ocupación simbólica da Casa de Cornide na
Coruña o día 26 de setembro de 2017

Publicación da iniciativa, 188, 06.10.2017



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 11:24
Nº Rexistro: 17696
Data envío: 28/09/2017 11:24:21.464

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**, sobre a non emisión nos servizos informativos da TVG dun acto de ocupación simbólica da Casa Cornide na Coruña.

O 26 de setembro un grupo de persoas ocuparon de maneira simbólica a Casa Cornide na Coruña para denunciar que este inmóbel, como acontece co Pazo Meirás ou as esculturas da fachada románica da Catedral de Compostela, continúan en mans da familia Franco.

O acto, ao que a CRTVG desprazou un cámara que permaneceu no lugar durante todo o acontecemento, non foi recollido en ningún dos informativos do propio día 26 e tampouco nos seguintes. Nin o Galicia Noticias, nin o Telexornal Mediodía ou Serán se fixeron eco da nova.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de Control da CRTVG:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 11:24
Nº Rexistro: 17696
Data envío: 28/09/2017 11:24:21.464

Por que razón non incorporou a TVG nos seus servizos informativos o acto de ocupación simbólica da Casa Cornide da Coruña malia ter enviado persoal para cubri-lo?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 28/09/2017 11:23:49

María Montserrat Prado Cores na data 28/09/2017 11:23:53

Ana Pontón Mondelo na data 28/09/2017 11:23:55



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 11:24
Nº Rexistro: 17696
Data envío: 28/09/2017 11:24:21.464

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/09/2017 11:23:56

Noa Presas Bergantiños na data 28/09/2017 11:23:57

Xosé Luis Bará Torres na data 28/09/2017 11:23:59

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 25.10.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 17723(10/POC-002992)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 2 máis

Sobre as razóns da exclusión da primeira forza política da
oposición na información emitida pola TVG respecto da
valoración dos grupos políticos en relación coa enquisa
referida ao posible resultado electoral en Galicia no caso de
se produciren hoxe unha novas eleccións

Publicación da iniciativa, 188, 06.10.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda, Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión da CRTVG**.

As decisións que está a tomar a CRTVG fannos pensar que os seus responsables de contidos teñen moi mala memoria. Esqueceron que poden atopar aos representantes institucionais de En Marea na Rúa do Hórreo. Esqueceron que a vontade popular situounos como primeira forza da oposición. E esquecen sistematicamente que nós tamén contamos cunha opinión política que, a xulgar polos resultados electorais, e de moito interese paras as galegas e os galegos.

Falamos de esquecementos porque a alternativa (que exista unha estratexia deliberada dirixida a agochar a actividade e as declaracións de En Marea) pareceríanos perversa e impropia dos responsables de prensa e comunicación da CRTVG. Perversa, porque suporía a instrumentalización dunha entidade pública co obxecto de obter un beneficio privado; e impropia porque se estaría a incumprir a obriga periodística de ofrecer unha información veraz, rigorosa e imparcial.

E a segunda ocasión, durante o mes de setembro, na que a CRTVG fixo gala da súa desmemoria foi o pasado fin de semana. O domingo Sondaxe publicou unha enquisa sobre o posible resultado electoral en Galicia si se producisen hoxe unhas novas eleccións. Ese mesmo día, a televisión pública galega emitiu a



valoración do PSdeG e do BNG, expresada, respectivamente, por Fernández Leiceaga e Ana Pontón.

<http://www.crtvg.es/informativos/o-psoe-e-o-bng-avalian-a-enquisa-electoral-3419265>

Nin rastro de En Marea.

Mais a cousa agravouse ao día seguinte. No telexornal Bos Días emitíuse a avaliación que fan o PSdG, o BNG e o PP da enquisa de Sondaxe. En Marea volve a non estar presente, a pesar do cal o corte colgado na páxina web denomínase “Avaliación dos grupos políticos”, como si todos eles tiveran opinado.

<http://www.crtvg.es/informativos/avaliacion-dos-grupos-politicos-3422050>

Como seguro que comprenderá o Director Xeral da CRTVG, esta serie de despistes non pode continuar, xa que supón unha vulneración sistemática do dereito a estar informados que asiste a tódolos galegos e galegas. Reiteramos, por elo, a nosa enteira disposición a responder a cantas preguntas teñan a ben facernos dende a televisión pública. Para nós, render contas publicamente é unha responsabilidade inescusable.

Por todo o exposto as deputadas e o deputado asinantes formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión da CRTVG:

- Cal foi o motivo polo que se realizaron ambas informacións sen contar coa avaliación de En Marea ?



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17723
Data envío: 28/09/2017 14:02:06.230

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 28/09/2017 14:01:20

Paula Vázquez Verao na data 28/09/2017 14:01:29

Luis Villares Naveira na data 28/09/2017 14:01:33

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 25.10.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.6 18640(10/POC-003086)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre o reposicionamento da CRTVG no marco da nova realidade
dixital

Publicación da iniciativa, 194, 17.10.2017

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, María Antón Vilasánchez, Silvestre Balseiros Guinarte, Jaime Castiñeiras Broz, Guadalupe Murillo Solís, Aurelio Núñez Centeno e Moisés Rodríguez Pérez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión Permanente Non Lexislativa de Control da Corporación de RTVG**.

O cambiante entorno social, económico e técnico dos últimos anos obrigou ós operadores audiovisual a modificar as condicións nas que actúan no mercado audiovisual e tecnolóxico. Unha adaptación a que non é ni pode ser allea a Corporación de Radio Televisión de Galicia.

Esta modificación das condicións, ademais de abrir novas oportunidades para o audiovisual, tamén leva aparelado magnificar a competencia e incrementar as dificultades para fidelizar as audiencias.

O novo e cambiante contexto obriga, en definitiva, a unha renovación constante, tanto no que se refire a soportes como a contidos, e tamén a permanecer en total sintonía cos hábitos de consumo do público ao que se dirixe.

En relación con este asunto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

-Cal vai a ser o reposicionamento da CRTVG no marco da nova realidade dixital?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2.017.

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 10/10/2017 18:38:47

María Antón Vilasánchez na data 10/10/2017 18:39:12

Silvestre Balseiros Guinarte na data 10/10/2017 18:39:22

Jaime Castiñeira Broz na data 10/10/2017 18:39:37



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2017 09:30
Nº Rexistro: 18640
Data envío: 10/10/2017 18:41:08.487**

María Guadalupe Murillo Solís na data 10/10/2017 18:39:53

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 10/10/2017 18:40:05

Moisés Rodríguez Pérez na data 10/10/2017 18:40:26

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com